



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Estrutura e organización deportiva	Código	620G01026	
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Clavel San Emeterio, Iván	Correo electrónico	ivan.clavel@udc.es	
Profesorado	Clavel San Emeterio, Iván	Correo electrónico	ivan.clavel@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura analiza o sistema deportivo e os seus compoñentes. Isto comprende o coñecemento básico do seu ordenamento xurídico, da estrutura asociativa do deporte, das fundacións, da organización administrativa do deporte e das infraestruturas deportivas. Pretende que o alumno coñeza a lexislación vixente, a estrutura privada do deporte e a organización administrativa do deporte que lle permitirán dirixir e xestionar servizos, organizacións e instalacións no ámbito do deporte.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	a) Sensibilizar sobre o desempeño profesional na área da dirección, organización e xestión do deporte, no eido público e privado do sistema deportivo.		B4 B12 B19
b) Adquirir os coñecementos básicos sobre a ordenación jurídica do deporte e demais normas sectoriais de aplicación no desempeño da dirección e xestión deportiva	A32 A34	B14	
c) Determinar a estrutura e organización administrativa do deporte nos distintos ámbitos territoriais e as competencias en materia deportiva da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.	A32 A34	B14	
d) Distinguir os tipos ou figuras xurídicas que constituen a estrutura asociativa, fundacional e empresarial nos modelos deportivos estatal e autonómicos.	A32 A34	B14	
e) Analizar os tipos de instalacións e espazos deportivos, os seus elementos básicos e seu réxime xurídico de aplicación.	A32 A34	B14	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. O SISTEMA DEPORTIVO E A SUA XESTIÓN	1.1 O deporte e as súas manifestacións 1.2 O Sistema Deportivo. Elementos e estrutura 1.3 A xestión deportiva: sectores e ámbitos
2. A ORDENACIÓN XURÍDICA DO DEPORTE	2.1 Introducción a o Ordenamento Xurídico Español. Conceptos básicos 2.2 A ordenación xurídica do deporte, coñecemento e análise
3. A ESTRUCTURA DEPORTIVA PRIVADA	3.1 O modelo asociativo. Concepto, creación e funcionamento 3.2 O modelo deportivo estatal 3.3 O modelo deportivo autonómico 3.4 As fundacións deportivas. Organización e Xestión 3.5 As empresas deportivas
4. A ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO DEPORTE	4.1 O Consejo Superior de Deportes 4.2 A organización administrativa autonómica 4.3 A organización administrativa local 4.4 Outras formas de xestión pública do deporte
5. AS INSTALACIONES E ESPAZOS DEPORTIVOS	5.1 Orixe e evolución das instalacións deportivas 5.2 A infraestrutura deportiva. Tipos e usos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A32 A34 B14	3	9	12
Traballos tutelados	A32 A34 B14 C7	8	17	25
Sesión maxistral	A32 A34 B12 B14 B19 C7	26	40	66
Aprendizaxe colaborativa	A32 A34 B4 B14 C4	13	30	43
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba que integra unha pregunta aberta de desenvolvemento e unha proba obxectiva con varias preguntas de discriminación.
Traballos tutelados	Actividade que implica que o/a alumno/a analice algún elemento do sistema deportivo co obxectivo de profundizar no coñecemento da estrutura e organización do deporte. Utilizarase para isto bibliografía recomendada e artigos científicos Estas actividades proporcionan ao alumnado experiencias e coñecementos actuais que incorporan as novidades no ámbito da xestión deportiva.
Sesión maxistral	Exposición oral que pode apoiarse en ferramentas audiovisuais e preguntas ao estudantado co fin de transmitir o coñecemento e facilitar a aprendizaxe
Aprendizaxe colaborativa	Procedementos de ensino-aprendizaxe maneira presencial e/ou apoiados con tecnoloxía da información e as comunicación. Ten como obxectivo facer máis significativo e práctico o proceso de ensino-aprendizaxe. Organización da clase en pequenos grupos para que o/a alumno/a traballe conxuntamente na resolución das tarefas propostas, que mellore a súa aprendizaxe para el e para o grupo

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados	<p>A atención personalizada para as actividades que se desenvolverán en torno a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor para a atención e seguimento do traballo realizado. Implican unha participación obrigatoria do alumnado. A forma e o momento no que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>Alumnado con dedicación a tempo parcial segundo establece a ?NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012). Este alumnado terá que realizar as mesmas actividades que o resto de estudantes. Poderán solicitar modificacións en datas e prazos de entrega previo acordo co profesor.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A32 A34 B4 B14 C4	A participación en traballos das clases presenciais organizadas por grupos medianos e a súa entrega en documento.	20
Proba mixta	A32 A34 B14	Proba que avalía os coñecementos teóricos e que se compoñe dunha pregunta aberta de desenvolvemento e unha proba obxectiva con varias preguntas de discriminación no que o erro na resposta desconta o valor de unha ou varias preguntas correctas	60
Traballos tutelados	A32 A34 B14 C7	<p>Actividade que implica que o alumno asista ou participe en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.). Entregarase unha memoria descritiva da actividade.</p> <p>Nos casos que fora imposible participar en estes eventos ou actividades, deberá presentar un traballo sobre un tema relacionado cos contidos da materia acordado co profesor.</p>	20

Observacións avaliación



1. Non se exige a asistencia para a Avaliación. Non obstante, para superar a parte de traballo colaborativo será necesario asistir ao 70% das clases de grupos medianos.
2. Será requisito para superar a materia que a suma total de todos os apartados sexa igual o superior ao 50% da avaliación. Estes requisitos serán tanto para a 1ª como a 2ª oportunidade e de acordo coas seguintes especificacións:
 - 2.1. Proba mixta (60%). A pregunta aberta de desenvolvemento supón o 30% e as preguntas de discriminación (test) un 70% da nota da proba. As respostas incorrectas descontarán das respostas correctas. Será necesario superar a proba mixta para poder sumar o resto de apartados da avaliación
 - 2.2. Traballo tutelado (20%). Realización dun traballo no que o/a alumno/a analice algún elemento do sistema deportivo co obxectivo de profundizar no coñecemento da estrutura e organización do deporte.
 - 2.3. Aprendizaxe colaborativa (20%). A participación en traballos das clases presenciais organizadas por grupos medianos e a súa entrega en documento. Será preciso asistir ao 70% destas clases de grupos medianos para superar esta parte da asignatura.
3. Os apartados da avaliación superados na primeira oportunidade manteranse superados nas seguintes convocatorias
4. O alumnado con matrícula parcial terá que realizar as mesmas actividades que o resto de estudantes. Poderán solicitar modificacións en datas e prazos de entrega previo acordo co profesor.
5. A atención personalizada, establecerase mediante unha serie de adaptacións e calendarizacións que serán acordados no seguimento que se realice durante as titorías individuais.
6. O exame estará no idioma de impartición da materia, se se desexa no outro idioma oficial da UDC, solicitarase unha semana antes da data de realización
7. No caso de realizar probas on-line, emplearase a plataforma da UDC ou sistemas recoñecidos por esta
8. A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g). Ademais, segundo a Lei de Convivencia Universitaria (BOE núm. 48, do 25 de febreiro de 2022), a fraude académica, considérase falta moi grave, podendo implicar expulsión de 2 a 3 anos da universidade constando no expediente académico ata o seu total cumprimento; así como, a perda de dereitos de matrícula parcial durante un curso ou semestre académico (art. 14). Enténdese por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (art. 11).

Fontes de información

Bibliografía básica

- Ayora Pérez, D. y García Sánchez, E. (2013). Planificación, diseño y construcción de una instalación deportiva. Valencia:Universitat de València
 - Blanco Pereira, E. et. Al (1999). Manual de la Organización Institucional del Deporte. Barcelona: Paidotribo
 - Espartero Casado, J. (Coordinador) (2009). Introducción al derecho del deporte . Madrid: Dykinson
 - Paramio, J.L. (Coord.) (2010). Manual de equipamientos e instalaciones deportivas. Madrid: Síntesis
 - Varios Autores (2005). El Derecho Deportivo en España: 1975 - 2005. Sevilla: Signatura Ediciones
- WEBS DE INTERESE**
- www.iusport.es www.fagde.org www.munideporte.com www.agaxede.org www.csd.gob.es www.deporte.xunta.es www.colefgalicia.com www.aedd.es www.coe.es www.noticiasjuridicas.com www.paralimpicos.es www.deporteespana.es
- WEBS DE INTERESE**
- www.iusport.es www.fagde.org www.munideporte.com www.agaxede.org www.csd.gob.es www.deporte.xunta.es www.colefgalicia.com www.aedd.es www.coe.es www.noticiasjuridicas.com www.paralimpicos.es www.deporteespana.es



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Blanco Pereira, E. (2006). Instalaciones Deportivas de la Comunidad Autónoma de Galicia. Consejo Superior de Deportes - Camps Povill, Andreu (1996). Las Federaciones Deportivas. Régimen Jurídico. Madrid: Cívitas - Cuchi Denia, Javier M. (2005). La distribución de competencias deportivas en España. Barcelona: Bosch - De la Plata Caballero, N. (2001). Los servicios públicos deportivos. Madrid: Instituto Andaluz del Deporte - De la Plata Caballero, N. (Dir) (2002). Las leyes del deporte de la democracia: Bases para una Ley del siglo XXI. Madrid: Dykinson - Durántez, Conrado (1999). El Comité Olímpico Español. Orígenes y Naturaleza Jurídica. Madrid: Comité Olímpico Español - Espartero Casado, J. (Coordinador) (2009). Introducción al derecho del deporte . Madrid: Dykinson - González Cueto, T (2003). Comentarios a la Ley de Fundaciones. Ley 50/2002, de 26 de diciembre. Navarra: Aranzadi - Gonzalez Pérez, J. y Fernández Farreres, G. (2002). Derecho de Asociación. Comentarios a la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo. Navarra: Aranzadi - Iglesia Prados, Gonzalo de la (2004). Régimen jurídico del deporte en edad escolar. Barcelona: Bosch - Real Ferrer, G. (1991). Derecho Público del Deporte. Madrid: Cívitas - Tejedor Bielsa, J. (2003). Público y privado en el deporte. Barcelona: Bosch - Terol Gómez, R. (1998). Las Ligas Profesionales. Navarra: Aranzadi - Terol Gómez, R.(Dir) (2006). El deporte universitario en España: actualidad y perspectivas de futuro. Madrid: Dykinson - Zagálaz Sanchez, Mª L. (1999). Fundamentos Legales de la Actividad Física en España. Jaén: Universidad de Jaén
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías